**EXPEDIENTE 2026/G010/000007. PLENO SESIÓN ORDINARIA 11 DE XUÑO DE 2026.**

**ACTA Nº 2026/7**

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 11 de xuño de 2026
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 21.49 horas

**PRESIDE:**

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

**ASISTEN:**

Concelleiros

**Partido Popular (PP)**
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

**Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)**
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

**Partido Galego (PG)**
JESUS MARTINEZ PEREIRA

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

**Concelleiro non adscrito**
DARÍO REY SUAREZ

**Outras asistencias:**

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

**I PARTE RESOLUTORIA**

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000006. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 7 de maio de 2026. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2026/C003/000010. Contratación obra "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase". Aprobación proxecto e expediente de contratación.

**II PARTE DE CONTROL**

3 EXPEDIENTE 2026/G006/000125. Decretos da Alcaldía ditados entre o 4 de maio e o 7 de xuño de 2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 Mocións

4.1. Moción do Grupo Municipal do BNG para defensa dos intereses da veciñanza fonte a ameaza da mina.

5 Rogos e preguntas.

## I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

### 1 EXPEDIENTE 2026/G010/000006. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 7 DE MAIO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

**ANTECEDENTES**

07.05.2026. Sesión do Pleno do Concello.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 7 de maio de 2026.

**SEGUNDO.** Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

**INTERVENCIÓNS**

Non se producen**.**

**VOTACIÓN**

A acta resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

### 2 EXPEDIENTE 2026/C003/000010. CONTRATACIÓN OBRA "MELLORA DO BOMBEO DA CAPTACIÓN DA ETAP DE TOURO, 1ª FASE". APROBACIÓN DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

Por parte do Sr. alcalde procedeuse a explicar a proposta que contén o seguinte contido.

**"ANTECEDENTES**

**1.-** EXPEDIENTE 2025/X999/000096. Proxecto de mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro; 1ª FASE, onde consta:

**Primeiro.-** Proxecto Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro (1ª fase) redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos Gustavo Vázquez Herrero.

**Segundo.-** Acordo plenario de data 23 de decembro de 2025, polo que se acordou:

*PRIMEIRO. Solicitar informe de supervisión do proxecto Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro (1ª fase) á oficina ou unidade de supervisión dos proxectos da Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do artigo 235 da Lei de Contratos do Sector Público.*

*SEGUNDO. Dar traslado do presente xunto co proxecto á Deputación Provincial da Coruña.*

**Terceiro.-** O 9 de febreiro de 2026 ten entrada no Rexistro do Concello o informe de supervisión do Servizo de asistencia técnica a municipios da Deputación provincial da Coruña no que de xeito textual consta:

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

*Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006, demais concordante) e a Base 5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas do POS+2025 (BOP nº 233 do 03/12/2024), emítese INFORME FAVORABLE por considerar que se cumpren os requisitos esixidos ao respecto.*

**Cuarto.-** Informe favorable dos servizos técnicos municipais.

2.- EXPEDIENTE 2026/C003/000010 no que consta a seguinte documentación:

- Memoria necesidade de contratación de incoación do expediente de contratación.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación
- Proxecto técnico
- Informe de intervención
- Informe de secretaría

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

**Primeira.-** Normativa de aplicación.

Tense en conta a seguinte:

- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

- Lei 5/1997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e demais disposición concordantes que resulten de aplicación.

**Segunda.-** O contrato resulta necesario para o exercicio do servizo de abastecemento de auga potable que deben prestar todos os municipio segundo o artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e das competencias propias previstas no artigo artigo 25.2.c) da citada Lei.

A necesidade que se debe satisfacer co contrato é é a ampliación da capacidade de bombeo que abastece á ETAP, para o que é preciso ampliar a capacidade de bombeo na captación do río Lañas (capacidade 20 l/s), mediante a substitución das bombas existentes por outras de maior capacidade, e a substitución da impulsión desde a captación ata o depósito de auga bruta ETAP, discorrendo por un novo trazado respecto do existente

| | |
|---|---|
| Tipo de contrato: Obra | |
| Obxecto do contrato: "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase" | |
| Procedemento de contratación: aberto simplificado | Tipo de tramitación: ordinaria |
| Código CPV: 45232150-8 Traballos relacionados con tubaxes de distribución de auga | |
| Valor estimado do contrato: 521.699,55 € (excluído IVE) | |
| Orzamento base de licitación IVE excluído: 521.699,55 € | IVE (21 %): 109.556,91 € |
| Orzamento base de licitación IVE incluído: 631.256,46 € | |
| Prazo de execución: 9 meses | |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Este valor estimado calculouse conforme ao que establece o artigo 101 da LCSP. Este valor é a suma do orzamento base de licitación, así como as eventuais modificación e, no seu caso, prórroga ou outras opcións, nos termos establecidos neste PCAP.

O IVE (imposto sobre o valor engadido) que corresponde aplicar é do 21 % (Lei 37/1992, do 28 de setembro, do imposto sobre o valor engadido)

Existe crédito axeitado e suficiente na partida 452.63200

**Terceira.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas esixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato.

**Cuarta.-.** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

**Quinta.-** A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao palcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto de os contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xenerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei

O órgano competente para aprobar o expediente é o Pleno xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

O artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local no seu apartado ñ) atribúe ao Pleno a competencia para *a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obra "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase", redactado por Gustavo Vázquez Herrero, Enxeñeiro de Camiños, C. e P. (versión 6 supervisada favorablemente pola Unidade de supervisión dos proxectos da Deputación Provincial da Coruña).

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de contratación n.º 2026/C003/000010, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, para levar a cabo o proxecto "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase", por importe de 521.699,55 € máis 109.556,91 € de IVE para un total de 631.256,46 € e un prazo de execución de nove meses.

**TERCEIRO.** Autorizar o gasto, de conformidade co informe de fiscalización emitido pola intervención polo importe de 631.256,46 € con cargo a partida 452.63900.

**CUARTO.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato.

**QUINTO.** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 20 días naturais se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (https://contrataciondelestado.es) publicando no perfil do contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación."

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da proposta de aprobación do proxecto e do expediente de contratación da obra "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase".

Tras o turno de intervencións procedeuse a

**VOTACIÓN**

A proposta de aprobación do proxecto e do expediente de contratación da obra "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase" resultou aprobada por maioría absoluta con sete votos a favor (5 dos Concelleiros do Grupo Municipal do PP, o Concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito) e catro votos en contra (3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

**II PARTE DE CONTROL**

**3 EXPEDIENTE 2026/G006/000125. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 4 DE MAIO E O 7 DE XUÑO DE 2026.**

**ANTECEDENTES**

Decretos da Alcaldía ditados entre o 4 de maio e o 7 de xuño de 2026.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.** O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 4 de maio e o 7 de xuño de 2026.

| Nº de Expediente | Asunto | Nº Decreto | Data sinatura |
|---|---|---|---|
| 2026/G003/000164 | EXPEDIENTE 2026/A008/000035. ORDE do 13 de abril de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia e se realiza a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento MT401A). Solicitude. | 153/2026 | 04-05-2026 |
| 2026/G003/000163 | EXPEDIENTE 2026/A008/000034. Axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT235A. Solicitude. | 154/2026 | 04-05-2026 |
| 2026/G003/000165 | EXPEDIENTE 2026/G010/000006.<br>Pleno sesión ordinaria 7 de maio de 2026. Convocatoria. | 155/2026 | 04-05-2026 |
| 2026/G003/000166 | EXPEDIENTE 2026/V011/000004.<br>Solicitude permiso de rodaxe e corte de estrada. Concesión. | 156/2026 | 04-05-2026 |
| 2026/G003/000167 | EXPEDIENTE 2025/T002/000007.<br>Modificación Orzamentaria. Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto. | 157/2026 | 06-05-2026 |
| 2026/G003/000169 | EXPEDIENTE 2026/E001/000005<br>Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 | 158/2026 | 06-05-2026 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026. Aprobación Bases e convocatoria. | | |
| 2026/G003/000170 | EXPEDIENTE 2026/T002/000008.Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención actividades dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal. | 159/2026 | 07-05-2026 |
| 2026/G003/000171 | EXPEDIENTE 2026/T002/000009.<br>Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia Refuxio Climático). | 160/2026 | 07-05-2026 |
| 2026/G003/000172 | EXPEDIENTE 2026/G003/000172.<br>Liquidación copago de servizo de axuda no fogar abril. | 161/2026 | 07-05-2026 |
| 2026/G003/000174 | EXPEDIENTE 2026/E001/000006.<br>Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Programa Suma Talento Rural Activo). Aprobación das bases e convocatoria do proceso de selección | 162/2026 | 11-05-2026 |
| 2026/G003/000176 | EXPEDIENTE 2026/E001/000004. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección. | 163/2026 | 11-05-2026 |
| 2026/G003/000175 | EXPEDIENTE 2026/E001/000004. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección. | 164/2026 | 11-05-2026 |
| 2026/G003/000173 | EXPEDIENTE 2026/A008/000033. POS ADICIONAL 2/2026. Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 (1ª fase). | 165/2026 | 11-05-2026 |
| 2026/G003/000177 | EXPEDIENTE 2026/G007/000009. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 12 de maio de 2026 | 166/2026 | 11-05-2026 |
| 2026/G003/000179 | EXPEDIENTE 2026/S002/000029.<br>Modificación Servizo Axuda no Fogar | 167/2026 | 13-05-2026 |
| 2026/G003/000178 | EXPEDIENTE 2026/S002/000028.<br>Modificación Servizo Axuda no Fogar | 168/2026 | 13-05-2026 |
| 2026/G003/000168 | EXPEDIENTE 2026/X999/000034.<br>Solicitude imaxes do circuíto de cámaras do pavillón así como datos de usuarios de acceso o día 29.04.2026 | 169/2026 | 13-05-2026 |
| 2026/G003/000182 | EXPEDIENTE 2026/S002/000032.<br>Alta Servizo Axuda no Fogar | 170/2026 | 14-05-2026 |
| 2026/G003/000181 | EXPEDIENTE 2026/G003/000181.<br>Pago taxas modelo F-13T-02-01-09 Solicitude de informe sanitario previo á construción da obra, proxecto de mellora do bombeo de captación da ETAP de Touro-1ª fase. | 171/2026 | 14-05-2026 |
| 2026/G003/000184 | EXPEDIENTE 2026/V006/000004.<br>Emisión de tarxetas de estacionamento e de accesibilidade para persoas con discapacidade | 172/2026 | 15-05-2026 |
| 2026/G003/000183 | EXPEDIENTE 2026/S002/000030.<br>Alta Servizo Axuda no Fogar | 173/2026 | 15-05-2026 |
| 2026/G003/000180 | EXPEDIENTE 2026/C009/000001. Adquisición a título oneroso de dúas parcelas na contorna da Casa do Concello. Resolución inicio procedemento para a adquisición directa. | 174/2026 | 15-05-2026 |
| 2026/G003/000185 | EXPEDIENTE: 2026/G003/000185.<br>Pago taxas publicación anuncio no DOG, da exposición pública da aprobación inicial da “Modificación puntual 2 do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Touro” | 175/2026 | 15-05-2026 |
| 2026/G003/000186 | EXPEDIENTE 2026/A008/000028. Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 con carácter plurianual (código de procedemento AU300D). | 176/2026 | 19-05-2026 |
| 2026/G003/000187 | EXPEDIENTE 2026/E001/000008. | 177/2026 | 20-05-2026 |

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego "TouroBoimorto- O Pino". Aprobación Bases. | | |
| 2026/G003/000190 | EXPEDIENTE 2026/G003/000190. Quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de maio de 2026 | 178/2026 | 20-05-2026 |
| 2026/G003/000189 | EXPEDIENTE 2026/G003/000189 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes demaio 2026) | 179/2026 | 20-05-2026 |
| 2026/G003/000188 | EXPEDIENTE 2026/G003/000188 Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de maio 2026) | 180/2026 | 20-05-2026 |
| 2026/G003/000191 | EXPEDIENTE 2026/A008/000030.<br>Solicitude para o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a campaña de verán 2026 (Xunta de Galicia). Pago taxa por reserva de praza de campamento. | 181/2026 | 21-05-2026 |
| 2026/G003/000192 | EXPEDIENTE 2026/G007/000010. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 26 de maio de 2026 | 182/2026 | 25-05-2026 |
| 2026/G003/000193 | EXPEDIENTE: 2026/E001/000005 Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026. Lista provisional de persoas admitidas e excluídas. | 183/2026 | 25-05-2026 |
| 2026/G003/000194 | EXPEDIENTE 2026/A008/000036. Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos e en entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas nun 70 % pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021- 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E). Solicitude subvención. | 184/2026 | 26-05-2026 |
| 2026/G003/000195 | EXPEDIENTE 2025/T002/000010. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos Subvención Fondo de compensación ambiental liña non competitiva. | 185/2026 | 27-05-2026 |
| 2026/G003/0000196 | EXPEDIENTE 2026/X999/000038.<br>Aprobación nóminas maio 2026. | 186/2026 | 27-05-2026 |
| 2026/G003/0000197 | EXPEDIENTE 2026/E001/000008. Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego "TouroBoimorto- O Pino". Lista provisonal de persoas admitidas e excluídas. | 187/2026 | 28-05-2026 |
| 2026/G003/0000198 | EXPEDIENTE: 2026/E001/000005<br>Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento tribunal e fixación data valoración concurso. | 188/2026 | 28-05-2026 |
| 2026/G003/0000199 | EXPEDIENTE 2026/G003/000199.<br>Delegación das funcións da alcaldía dende o 2 de xuño ao 10 de xuño de 2026, ambos os dous incluídos. | 189/2026 | 01-06-2026 |
| 2026/G003/000204 | EXPEDIENTE 2025/E001/000007. Selección de persoal laboral temporal por substitución do operario auxiliar do camión do lixo. Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección. | 190/2026 | 01-06-2026 |
| 2026/G003/000203 | EXPEDIENTE 2026/E001/000003.<br>Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de | 191/2026 | 01-06-2026 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | tribunal e data do proceso de selección. | | |
| 2026/G003/0000202 | EXPEDIENTE 2026/E001/000007.<br>Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección. | 192/2026 | 01-06-2026 |
| 2026/G003/0000201 | EXPEDIENTE 2026/E001/000008.<br>Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego "TouroBoimorto- O Pino". Ampliación sondeo oferta no ámbito do Concello de Boimorto na convocatoria do proceso de selección e contratación dos/as alumnos/as traballadores/as | 193/2026 | 01-06-2026 |
| 2026/G003/0000200 | EXPEDIENTE 2026/S001/000007.<br>Solicitude Programa Xantar na Casa | 194/2026 | 01-06-2026 |
| 2026/G003/0000205 | EXPEDIENTE 2026/E001/000008. Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego "TouroBoimorto- O Pino. Lista provisonal de persoas admitidas e excluídas. | 195/2026 | 02-06-2026 |
| 2026/G003/0000206 | EXPEDIENTE 2026/G012/000003.<br>Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 5 de xuño de 2026. Convocatoria. | 196/2026 | 03-06-2026 |
| 2026/G003/0000209 | EXPEDIENTE 2026/S002/000047.<br>Ampliación Servizo Axuda no Fogar | 197/2026 | 04-06-2026 |
| 2026/G003/0000208 | EXPEDIENTE 2026/S002/000046.<br>Baixa Servizo Axuda no Fogar | 198/2026 | 04-06-2026 |
| 2026/G003/0000207 | EXPEDIENTE 2026/S010/000003.<br>Baixa de Teleasistencia | 199/2026 | 04-06-2026 |
| 2026/G003/0000210 | EXPEDIENTE 2026/V006/000005.<br>Emisión de tarxetas de estacionamento e de accesibilidade para persoas con discapacidade | 200/2026 | 04-06-2026 |
| 2026/G003/0000215 | EXPEDIENTE 2026/S002/000035.<br>Revisión anual Servizo Axuda no Fogar | 201/2026 | 05-06-2026 |
| 2026/G003/0000214 | EXPEDIENTE 2026/S002/000041.<br>Revisión anual Servizo Axuda no Fogar | 202/2026 | 05-06-2026 |
| 2026/G003/0000213 | EXPEDIENTE 2026/S002/000040.<br>Revisión anual Servizo Axuda no Fogar | 203/2026 | 05-06-2026 |
| 2026/G003/0000212 | EXPEDIENTE 2026/S002/000044.<br>Revisión anual Servizo Axuda no Fogar | 204/2026 | 05-06-2026 |
| 2026/G003/0000211 | EXPEDIENTE 2026/S002/000036.<br>Revisión anual Servizo Axuda no Fogar | 205/2026 | 05-06-2026 |
| 2026/G003/0000216 | EXPEDIENTE 2026/E001/000008.<br>Procedemento de selección Obradoiro Dual de Emprego "Touro-Boimorto- O Pino. Lista defintiva de persoas admitidas e excluídas persoas alumnas-traballadoras.. | 206/2026 | 05-06-2026 |
| 2026/G003/0000217 | EXPEDIENTE 2026/G003/0000217.<br>Liquidación copago de servizo de axuda no fogar maio. | 207/2026 | 05-06-2026 |

O Pleno dase por enterado.

## 4 MOCIÓNS.

### 4.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEFENSA DOS INTERESES DA VECIÑANZA FONTE A AMEAZA DA MINA

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

*No pasado mes de maio douse a coñecer a sentenza 129/2026 do TSXG pola que se admite o recurso da empresa Cobre San Rafael contra a resolución da Conselleria de Economía, Empresa e Innovación de data 24/02/2021 pola que se denegaba a autorización da actualización do proxecto de explotación mineira á citada empresa.*

*Na sentenza obrígase á Xunta a que se retrotraia todo o expediente ao momento anterior a emisión da declaración de impacto ambiental (DIA), dado que por parte da administración non se tivo en conta*

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

*o trámite de audiencia á empresa antes da emisión desa DIA negativa e non se considerou o último informe presentado pola empresa.*

*Resulta bastante chocante que esta empresa, despois de respostar con informes ate en dúas ocasións posteriores ao inicial en exposición pública, e onde tivo tempo de modificar todas as eivas que se viñan poñendo en evidencia, volte con outro contrainforme in extremis obrigando a administración a un continuo estudo e análise de informes sucesivos que nada noveso aportan no sustancial*

*Consideramos que se debería recorrer esta sentenza baixo o pretexto de que a empresa xa tivo tempo para presentar cantos informes tivo a ben durante dous anos e medio e que o que non modificou nos dous informes de actualización non o vai facer nun terceiro.*

*En todo caso, se a empresa non foi capaz de resolver todas as carencias nese tempo e nos sucesivos informes é porque esas carencias son insalvables nun proxecto tan agresivo como este polo que consideramos que a DIA negativa de data 28/01/2020 debe ser considerada con plena vixencia.*

*Por outra banda, e paralelamente, a Xunta de Galicia está enviando a todas as persoas que solicitaron a condición de ser consideradas persoas interesadas no procedemento do "novo" proxecto mineiro que esta empresa voltou presentar en novembro de 2024.*

*Nesta contestación estase denegando de forma xenérica esta condición de persoa interasada a todos aqueles que non son propietarios de bens ou dereito directamente afectados polo proxecto negando esta condición a todos os demáis, pese a que o impacto deste proxecto vai moito máis alá e afecta dunha maneira directa a toda a sociedade e polo tanto calquera persoa que solicite esta condición e porque está vendo perxudicados os seus intereses lexítimos de executarse o proxecto.*

*Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

*ACORDOS*

*1. O concello de Touro solicita á Consellaría de Economía e Industria que presente recurso contra a sentenza 129/2026 mencionada.*

*Susidiariamente, de ter que executar a sentenza, se proceda por parte do órgano competente, a emitir de novo a a DIA negativa nos mesmos termos que a de data 28/01/2020.*

*2. O concello de Touro solicita á Consellería de Economía e Industria que acceda a considerar persoa interesada no procedemento a todas aquelas que así o solicitaron e a tal fin poñer a disposición de todas as persoas notificadas un modelo de recurso contra esa resolución denegatoria.*

*3. O concello de Touro manifesta o seu apoio á manifestación que se vai celebrar este sábado 14 de xuño na Illa de Arousa para dar carpetazo definitivo tanto a Altri como a reapertura da Mina de Touro-O Pino.*

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da Moción

**VOTACIÓNS**

A Moción resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

## 5 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro pregunta:

1. Nas execución por parte de Concello de obras de reparación nas pistas en Loxo que foron usadas polo rallie, deterioráronse tajeas e accesos a fincas particulares, quedando os entubados tapados o cal vai ser o problema, pregunto se supervisaron esas obras, se xa están pagadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O sr. alcalde di que non están pagadas e vaise facer unha inspección do tema, xa que coñecemos esa queixa e por suposto que se repoñerán ese tubos para facilitar a evacuación das augas.

2. Nunha carretera en Bamela hai unha fochanca dende o inverno, a veciñanza botoulle algo de recheo alí, pero a fochanca continua, pregunto se teñen previsión de reparala.

O sr. alcalde di que coñecen ese tema, e que se vai reparar o máis axiña posible.

3. Unha vez que entraron no goberno unha actividade que se estaba a desenvolver para persoas con diversidade funcional acollida a un programa do Ministerio e unha vez que se finalizou ese programa esas actividades non se volveron a repoñer. Teñen previsto repoñelas ou non?

O sr. alcalde di que agora mesmo non ten información para darlle. Voulla contestar por escrito, unha vez que me informe que pasou e porque non se propuxo a renovación do servizo.

4. No edificio que foi de protección civil como sabe estanse unhas obras a marxe de toda cuestión de seguridade e saúde no traballo, obras estruturais que están a modificar o volume da edificación existente, esa edificación está dentro da área de servidume aeronáutica, pregunto se teñen autorización de AESA para esa actuación?

O sr. alcalde di que xa sacaron no anterior Pleno os temas de seguridade e medidas de protección dos traballadores, dicirlle para desmentir o que vostedes dixeron aquí, que os traballadores que están facendo a obra teñen o curso de prevención de riscos para traballos en altura, por outro lado que me diga que está habendo un aumento de volume, cando o único que se fai é un cambio de inclinación do tellado de 30 centímetros que non supera a altura do resto do tellado, unha porcentaxe pequena de tellado e que pregunta se temos autorización de AESA témolo que tomar a broma, porque non é serio.

Vostede tómao a broma, di o Sr. Roberto Castro, cando calquera veciño/a ven pedir licenza ou fai comunicación obra, vostede requírelle a autorización de AESA, con que lexitimidade lle require aos veciños e vostede toma ao broma e igual como tema estrutural porque lle vai dicir que excede das características de obra menor aínda que as obras sexan máis sinxelas que as que está a facer o Concello e vaille requirir un proxecto técnico coas autorizacións sectoriais pertinentes, polo que a súa maneira de proceder é de patada para diante déixao bastante deslexitimado. A pregunta é se considera que calquera veciño/a que veña solicitar unha licenza sen ten que tomar este tipo de autorizacións así á broma como a toma vostede? Como sen ten que tomar a veciñanza os requirimentos que vostede lle faga sobre as solicitudes de licenza de obra que requiran autorizacións sectoriais doutras administracións?

O sr. alcalde di que os requirimentos que fai o alcalde fainos conforme á normativa urbanística, non son un capricho nin quedan a libre decisión do alcalde, hai un informe técnico dos servizos urbanísticos, o alcalde é un vehículo; vostede sabe que o Concello para as súas propias obras non necesita autorización municipal, aquí a sectorial que vostede pretende é unha falacia, porque ese aumento de volume que vostede pretende en ningún momento se supera a altura do edificio que sería o que afectaría a AESA. Demostren que superamos sequera nun milímetro a altura do edificio. Vostede sabe perfectamente a necesidade de facer esa obra, se queren complicarse e recoñecer que foron incapaces de facelo, perdemos unha subvención de 40.000,00 € por culpa de votedes que contratan a obra o día 7 de agosto cun prazo de execución de catro meses cando tiña que estar xustificada o 31 de outubro, iso é o que ten vostede que explicarlle á veciñanza. O que lle molesta é que nos agora con pouquiña inversión municipal solucionemos os temas do edificio, lle molesta que este goberno enfronte os problemas e os solucione.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Castro Rocamonde roga ao Sr. alcalde que non queira exercer de técnico de urbanismo.

O Sr. alcalde di non exerce.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que pasan os alcalde pero os problemas permanecen, como é a limpeza das Rutas de Sendeirismo, se xa se fixo esta limpeza ou se hai previsión de facelo.

O Concelleiro non adscrito, Darío Rey, di que as Rutas de sendeirismo en setembro-outubro estaban abandonadas, as escaleiras da Ruta 121 estaban en grave perigo de seguridade dende había anos e naqueles meses arranxáronse todas as escaleiras e ao mesmo tempo desbrozáronse. Cando chegamos ao goberno había un informe da Federación Galega de Montañismo na que pretendía deshomologar as tres Rutas do Concello de Touro polo abandono que tiñan, a única que quedou sen

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

desbrozar foi a que ven das Hortas, de feito é un tema que levamos meses coordinando co técnico de deportes e estase enriba continuamente da 121 e da 93 que son as máis utilizadas, de feito cada mes faise unha inspección para o seu correcto mantemento. A das Hortas a idea é de executalas en canto se poida con persoal propio.

2. Pregunta porque hai varios contedores cheos de lixo?

O Sr. alcalde di que non lle consta.

3. Cando teñen previsto licitar o Plan POS?

O Sr. alcalde di que tan pronto temos as autorizacións, nos licitamos. Algunhas obras se teñen autorizacións sectoriais tardan máis. Estes días sacáronse varias a licitación. Hai un retraso xeral por parte da Deputación, nos temos todo o interés en licitar canto antes.

4. No expediente de adquisición de parcelas falárase que era para a construción de vivendas e lin que o destino era para o Campo da Festa.

O secretario-interventor di que é un erro de copia e pega. Ten que poñer para a prestación de servizos básicos, artigo 25 e 26 da Lei 7/1985 de Réxime Local. Entono o mea culpa.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

**https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos**

**https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YIaM**

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000007 e identificado pola pegada dixital: db7dac8d4b62a2905afd45744275ebf48376b3ad1d4e99377cf5fd0a1aa6c552**

**Minutaxe**

01:25 EXPEDIENTE 2026/G010/000006. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 7 de maio de 2026. Aprobación da acta da sesión.

01:36 EXPEDIENTE 2026/C003/000010. Contratación obra "Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro, 1ª fase". Aprobación proxecto e expediente de contratación.

24:06 EXPEDIENTE 2026/G006/000125. Decretos da Alcaldía ditados entre o 4 de maio e o 7 de xuño de 2026.

24:20 Moción do Grupo Municipal do BNG para defensa dos intereses da veciñanza fonte a ameaza da mina.

34:00 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.49 horas do 11 de xuño de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: mMS2Nqa0SuhpXG6wZVuG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/